

# A ROSA TERRA

IDEARIUM  
DAS

IRMANDADES  
DA FALA

Ano XIV

Núm. 272

1.º de Mayo do 1930

FAMÍLIA DIAS

RG 10611

# EFFECTOS NAVALES

de

FERRER E COMPAÑÍA - SUCESTORES

## F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

*Artigos xenerás para equipo da mariña militar  
vapores, barcos de vela e pescadores*

Grandes Almacenes de Tecidos  
**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIONS

INMENSO SURTIDOS EN PANOS DA RE-  
XIÓN E EXTRANXEIROS CONFECCIONANSE  
TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLE-  
RES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256

A CRUÑA

# FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

===== Ferrería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc. =====

## DISPONIBLE

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

---

## Redacción e Administración

Rúa Real, 36, -1.º

A CRUÑA

## Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

---

ANO XIV



1.º de Maio do 1930



Núm. 271

---

## AO DECORREL-OS DÍAS

A medida que vai pasando tempo da desaparición da dictadura primoriverista, e ao compás que algunha cousa de orde político vaise acarrando, oisérvase tamén como os rexionalismos ou nazionalismos peninsulares xurden novamente â lus cheios de vida e ateigados de entusiasmo despóis dos seis anos de silencio obrigado, a que os tivo sometidos a pasada situación de forza. Non podía ser d'outro xeito.

Únicamente por un ausoluto desconocimento do que siñifican, ou por ese afán de falsear a realidade dos problemas en que foi verdadeira mestra a dictadura, póidase decir e asegurar que o sentimento rexional tiña desaparecido. Non fai falla entrar agora a profundizar as razóns dogmáticas que demostren a realidade de tal sentimento para probar a súa existencia e razón de ser. Abonda con esto: desaparecéu a dictadura e novamente xurden aínda mais espléndidos que antes do 23 os ideás de emancipación de Cataluña, Vasconia, Galicia, Valencia, Aragón, Andalucía e demais rexións que antes do advimento da dictadura tiñan manifestado o seu pensar.

Ao mesmo tempo que o fenómeno completamente natural se produce, andamos a ollar como en todol-os partidos políticos que agora nasceren â vida púbrica, con forza que endexamáis soñaron ter, abórdase o problema rexional e dánse solucións para el. Reconócese tácitamente que sin a súa resolución non poderá nunca ser Hespaña o estado poderoso e democrático que debe ser.

Libros publicados agora, programas de partidos, decraracións de políticos e intelectuaes, coinciden en apreciar a realidade dos sentimentos rexionás como un problema vivo, de necesario e urxente solución. Ques aspiran a gobernar a Hespaña ou siñalar os camiños que debe seguir a nosa política hespañola reconocen que debe asentarse na base rexional, xa que é a mais sólida e indestructible, mais real e verdadeira




por mandato imperativo da Natureza, contra â que nada poden os homes por moí outos que se consideren e moita forza que parézalles ter.

Moito teñen que torcerse as cousas, para mal de Hespaña, ou o seguro é que aveciñanse unhas normas políticas que endereitarán o estado hespañol por novos vieiros. Un d'eles será o rexionalista ou nazonalista, e pol-o tanto, Galicia comenará a conquistar parte das suas aspiracións dentro do Estado.

Unha mínima parte das suas arelas que lle permitan descubrir as suas necesidades, a su propia vida, d'un xeito mais libre e natural do que o poido facer ate o d'agora.

Os galeguistas temos de ollar con gran esperanza o rumbo atual da política hespañola, e contribuir a que ese rumbo non se torza xa que n'elo nos van intreses e melloras estimabres para a nosa terra.



## UNHA DOOR DO AGRO

Outra mais? Sí. E non ela soila. Postos a pensar na aldea as doores caen entrambolicudas unhas n'outras com'as cereivas na cesta. E quen non se decate d'elas nin é bo galego nin ten sensibilidade d'abondo pra ser cibdadán do cosmos da cultura occidental.

Esta door qu'imos lembrar toca os fundamentos fisiolóxicos da raza. Quen teña morado na aldea sentirá a sua importancia. O cadro: unha noite negra, d'invernia, unha chouza aldeán e n'ela unha muller, unha santa muller celta, unha nai galega c'as doores d'un parto dificultoso. As vellas menciñeiras, os patrós, hastra os nenos e os ociosos enchen o sobrado. Xurden consellos extraños, choran, rezan. Pra que tod'a parroquia implore pol'a boa saída do asunto, o sacristán toca as campanas d'un xeito particular, doente, tristeiro, salouzante, pois n'hai badelar mais desesperado e malencó-

neco qu'o toque de parto n'aldea.

Si o caso se dispón de día e pol'o vran a cousa cambea pouco. Virá o médico. A maior parte dos médicos tampouco lles pôn medo pôrse a camiñar no cerne da noite invernia. Mail'o médico a maior porción das veces non é un teólogo. N'hai obriga de abranguer total'as ponlas da Meicina, nin de ter o instrumental necesario. Por isto, e por outras cousas morren no agro galego moitas nais que oxe, na ética médica, non debían morrer, e deixan de vir o mundo nenos porparados pra elo. Iste mal soilo pode cortalo o Estado. A maneira (hai que facer xustisempre) foi prevista n'un proieuto da Dictadura: estabrecer en cada concello un tocólogo e un platicante c'o preciso instrumental. Soilo adicado a isto ô médico especialista pode facer unha laboura salvadora. Coidamos importante iste punto no programa da nova Galiza.

T. DE A.

## LATRICADAS

O tío Bernaldo e o Bastián do Quintaire falaban ô baixar da serán. O tío Bernaldo leva almilla marela, tiña a cara de cortiza e as maus de torqueira. O Bastián, mozo, largo como un bimbastro aínda gastaba o grande sombreiro de «cow-boy» e no chileque levaba presa a estilo. Falaban apoiados n'un muro baixo: o vello rematara de facer as presas do seu lameiro. Brilaba a auga no esquema d'albre que dibuxaban as presas. O Bastián cavaba no sábre-go foxas pra prantar barbadas. Pro día seguinte agardaba un fato de homes. Pol'o fondo do lameiro unha fía de salgueiros<sup>1</sup> pechaban o paisaxe c'a follía nova e miuda. Pol'o eido do Bastián rubían as viñas atontiñando pol'a encosta. Chiscóu o esquireiro, fumegaron e falaron.

O Sr. Bernaldo.—Sobre do que dis habería moitor que latricar. Eiqui ô noso modo tamén che soupe-mos traballar. E sinon fixate no que vés. Iste lameiro tan majo fixé-molo entre meu pai e mais eu.

O Bastián (con sorna)—Craro, e tardaron setenta anos en facélo! Os americanos n'ise tempo racharon e sementaron â maquina deica o cabo de California.

O Sr. Bernaldo.—Que lle queres, meu fillo. Nos fixemos mais que eles. Nos criamos os eidos. Eiquí, ond'oxe vés iste lameiro que nas boas sazós cobre de herba â fouce esquecida, habiache unha terra pedregullenta, fría, coberta pol'o rego na invernia. Nós guiamos a auga, desinzamos as prantas bravas, carretamos pedra por pedra, hastra trou-

xemos carradas de terra nova por isas congostras esporentes. O mesmo fixen pra facer a horta da miña casa. Arredor d'ela, que era n'outro tempo unha casa vella escanastrada con unha figueira e catro berzas. Eu reventei a tiros os penedos e saquei unha mina d'auga que val unha regalia. Xa ves. Morrería n'unha d'isas estancias da outra-banda onde tod'a terra está feita.

O Bastián (cuspindo con desprezo)—Non, ista Galiza élle unha porcullada. Sempre porcós e aldraxados. Sin poder locir unha camisa limpa.

O Sr. Bernaldo (despois xa d'un silencio, ollando longamente a viña do Bastián e sorrindo c'a colilla apagada, os beizos murchos)—Xa rematache de cavilar? E agora falando d'outra cousa. ¿Vas a levar a prantación deica o lagar vello? Pois ten que facer. Vas torcer as camisas c'o suor. Teu pai, que groria haxa, sempre dixó qu'era terra do demo.

O Bastián.—Pois, aínda que me esgarrafren os díaños, ei de romper tod'o eido. Abaixo garnacha. Enriba alicante e Gran Tinto. Boas castes. Logo unha parra pra darlle fresco ô lagar que vou a erguer de novo e cecais botarlle un sobradíño. Dentro d'us aniños, isto vai ser unha groria pr'os ollos. *All right!*

Chisca unha estrela na ramaxe dos salgueiros. Os dous homes recandan os aixadas, visten as chaquetas e collen adispacio por un carreiriño esporente que vai rubiddo entr'as viñas en procura dos castiñeiros d'enriba. Os dous figuran grandes e solenes nas derradeiras luces da tarde. A carón do lameiro pasa o abade que ven de viaxe. O considerar os

regueiros britantes véñenlle ás mentes dúas lembranzas. Seus pais fóran bos procuradores de herba, aló na montana. Logo unha memoria clásica. Il fora bó estudante de Humanidás. O verso non chegaba. Por fin chegou c'a compañía d'un aire levián nos salgueiros: «Claudite iam vivos, pueri—sat prata biberunt».

Z.

## TRÍPTIGO TEATRAL

por Antón Villar Ponts

Tres visións: o caciquismo, a emigración i-as supersticións

### *O Far West Galego*

Todol'os pobos teñen seu «Far West». Falamos dos pobos vivos. Pra Hegel é lei humán o camiñar das culturas sol. C'a marcha aparente do sol a soila que pesa e importa nas correntes do espírito humán. Algús isolados pódense no seu gabinete ou no paseo vagaroso deixarse infruír pol'a derrota do archipiélago solar no espazo infinito car'a costelación da Lira. Mais isto non ten que ver c'a fisiognomía das culturas.

Tamén hai pobos qu'arelan o nacente. Son poucos. Poderíase facer co eles un grupo en grande parte oposto os outros. A maor forza dos árabes tende a procurar o niño onde nace o sol. Asina cabalga pra as serras disformes da Asia e deixáronse levar pol'o sopro da invasión.

Son pobos que teñen medo á noite creadora. Os pobos do ocidente foron buscar o leite do sol e tamén o seu nacemento pol'a ruta da noite e da morte. Soilo perdéndose nas

tebras pódese gozar da ledicia do abrente e en certo grado criar pol'a agarda e a espranza o novo día. Os chinos de costas ô seu oceano, viaxeiros de terra nunca puderon chegar ás oreas occidentales. Os pobos atránticos da Europa dando a volta ôs mares decatáronse de que a noite e a mañán son feitos do espírito humán no praneta indefrente.

O noso Far West, o céltigo, foi un neboeiro no lonxe c'a lembranza da Atlántida e c'as azas e o vento da saudade. Logo foi a América o Far West natural. Mais non perdía forza o misterioso neboeiro. Pol'o contrario fíxose probrema e arela do espírito. Fito das enerxías da raza sinalado pol'os poetas, primeiro, logo arela dos guías que pensan no futuro.

O Far West está en nos, na entrana de Galiza. Hai que conquerilo, facendo unha Galiza ceibe com'un fermoso navío, sempre proia á noite dos novos probremas pra ser dino de navegar nas augas do nacente. Pénsase moito en cousas secundarias para que a nau podía largar as amarras. Pénsase en cousas qu'outros pobos conseguiran domiñar no século XIX e que xa somentes lles sirven de estorbo cando non'os tiranizan. Por ex. as máquenas. A Galicia ten que choutar sobr'as ruínas do XIX e pôrse dereitamente nos anos apenas sospeitados do XX. O fermoso navío ancorado, ás veces pontón malencónico, tén que franquear as velas ôs aires do espírito, do seu espírito, c'unha fe e un fanatismo semellantes na forma ô que animaba á grea de Israel contra toda'l'as modas, aparencias, impresiós e culturas. Chegará o tempo no



qu'os chamados tolos reinen no mundo, e os listos, os práutechos, os serios, señan na lembranza pantasma pretéritas de un pesadelo esquencido.

Froitoso Touza Sergude.

Ribeiras do Arnego, Abril do 30.

Novo tomo de poesías

## NEMANCOS

por Gonzalo López Abente. 2<sup>50</sup> Pesetas

## FAISCAS

Cada día preséntase mais diáfana a cuestión das reivindicacións nacionalistas peninsulares. Tal como van as cousas e millor aínda pensando en como han de vir vese que as rexións están chamadas a conquistar parte das súas aspiracións. O tempo e as cousas que na Hespaña andiveron a suceder n'estes derradeiros tempos están poñendo a cousa en craro e abriranlle os ollos a moitos que hasta agora non souperon ou non quixeron decatarse da sinificación das arelas nacionalistas.

Xa todos cantos falan d'a nova Hespaña e da súa futura estruturación política amóstranse convencidos da necesidade de o facer vertebrando a península tal como naturalmente ela é,

### VISADO POL-A CENSURA

o que ate agora conoscimos e cuíos funestos resultados témolos á vista.

Ademais das razóns naturás que temos os nazonalistas para comprobar a realidade e xusteza das nosas aspiracións hai unha que tén unha forza abrumadora.

En todo o tempo que levamos de centralismo non foi posíbre destruír as diferencias raciais, lingüísticas, económicas e de todos ordens que existen nas diversas nacionalidades ibéricas. Varios períodos de persecución desenfrenada, ún d'eles foi a pasada Dictadura, contra as aspiracións

lexítimas das rexións non conqueriron destruír o seu espírito e o seu xusto desexo de reivindicación.

Si esto foi así ¿qué remedio queda se non admitil-o feito tal como é, e darlle a solución lóxica que demanda?

Namentras os nacionalistas peninsulares somos chatados de arredistas e esgrímese contra nós tamaña falsedade, os nacionalistas de todas as nacionalidades mantemos unha unión espiritual constante.

Si Hespaña é un conxunto de rexións e entre os defensores da idea nacionalista existiu sempre unión e acordo ¿de quen e de qué, somos arredistas?

A constante ameaza do problema catalán abondará para facer necesaria a resolución do preito rexional.

A través dos anos houbo en Galicia diversos intentos e organizacións galeguistas.

Atualmente presenciamos o mais serio e contundente que se leva feito.

Supoñendo que este desaparecera da vida pública como foron desaparecendo os anteriores, pódese asegurar rotundamente que pasado algún tempo voltaría a reproducirse e indiscutiblemente con maior forza.

Porque como Galicia é unha realidade viva e necesita resolver os seus problemas impulsará en todo momento a algúns dos seus fillos para manter constante e latente a bandeira das súas lexítimas aspiracións de pobo racialmente detinado.

Mentras haxa un galego que fale o propio idioma será demostración de que non morreu Galicia. Como cada día fálase mais, Galicia revive intensamente. A fala é o poderío máis grande dos pobos.

VICTOR CASAS

Todos poden conocer o noso pasado, mercando

## HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA

por R. Villar Ponte

---

# A VI ASAMBREIA

---

O Domingo 27 de Abril celebrouse na Cruña a VI asamblea nazonalista. Con ésta reanudan as Irmandades as súas asambleas anuais que ficaron suspendidas durante os anos dictatoriais. A convocatoria tiña despertado en todos os nacionalistas e n'unha inmensa maioría da opinión galega un entusiasmo e un intrés verdadeiramente grandes. Para uns porque esta asamblea viña a representar a continuación da actuación pública galeguista comenzada no ano 16 e plasmada vigorosamente na asamblea constitucional do ano 18 celebrada en Lugo, e porque iba a significar un reconto de forzas, unha revisión do número de afiliados e a voltar a nos atopar novamente todos xuntos despois de seis anos en que, si ben é certo que a laboura galeguizadora continuou producíndose, foi exclusivamente unha laboura casi personalista realizada con constancia patriótica por quenés, a pesar de todo, continuamos mantendo outo e firme o ideal da redención

¶ Para outros que agardaban que n'esta asamblea, a opinión nacionalista galega manifestara o seu pensamento encol da actualidade política e disputárase a intervir d'unha maneira activa na actuación política que os momentos que vivimos reclaman en Galicia.

Parécenos que uns e outros conseguiron ver realizadas as súas aspiracións. Os nacionalistas porque tivemos ocasión de contrastar a nosa constancia, a nosa firmeza no Ideal e ollar

como as nosas ideas conserváronse incólumes nos elementos antigos e aniñaron en novos elementos que, agora que se comenza a actuación pública, viñeron a robustecer a nosas fías con bríos de mocidade, consolidando as nosas organizacións e aportándolles o calor d'un maior número.

Para os de fora, porque os acordos fundamentais tomados na Asamblea non poden defraudalos e demostran como os nacionalistas sabemos dectarnos da transcendencia dos momentos e non podemos aparecer alonxados da realidade da vida galega que en cada hora necesita do calor de quenés como nós levamos catorce anos encamiñándose por vieiros de liberdade e de grandeza.

Sentímonos profundamente ledos e satisfeitos da laboura realizada na Asamblea que de agora no adiante e a medida que as circunstancias o vaian permitindo irase plasmando en realidades que influirán de maneira decisiva nos destinos políticos da nosa terra.

A forma como se desenrolaron os debates, a numerosa e boa calidade dos concurrentes e o elevado idealismo manifestado na Asamb.eia dicennos de xeito craro e contundente o luminoso porvir que ás nosas ideas agárdalles cando istas poidan ser manifestadas públicamente sin ningunha crás de impedimentos nin limitacións.

O galeguismo orgaizado rexurde á vida ateigado de entusiasmo e de pureza defendido por miles de corazóns pa-

---



# DAS IRMANDADES

*triotas capaces de transformar totalmente a vida política de Galicia.*

*Seis anos de persecución, de inco-*  
*menentes, non somentes non conqueri-*  
*ron destruír o lume sagro nos elemen-*  
*tos antigos se non que fixeron o mi-*  
*ragre, naturalmente expricabre, de in-*  
*corporar ao movemento un gran nú-*  
*mero de patriotas que dilatan consi-*  
*derablemente as ringleiras dos bós e*  
*xenerosos.*

*Por ser así, queremos reflexar a*  
*nosa íntima e fonda ledcia renovando*  
*a nosa fe na nova autuación e aloumi-*  
*ñando a nosa esperanza conqueridora*  
*de afinamento en Galicia dos supre-*  
*mos ideás renovadores.*

*A todol-os irmáns: ¡Saude e Terra!*

No local da Irmandade da Cruña e ás dez da mañán reúnen-se os irmáns delegados de todol-os grupos clasificados deste xeito:

Por A CRUNA: Salvador Mosteiro, Carlos Monasterio, Víctor Casas, Federico R. Chás, Xesús Basteiro, Antón Villar Ponte, Francisco Abelaira, Manuel Cabanillas, Benito Ferreiro, Xulio Pita, Xavier Pardo, Anxel Casal, Xosé Lesta Meis, Luis Somoza, Alfredo Somoza, Benito Rodríguez, Xosé Crecente, Bernardino Varela, Urbano Losada, Secundino Lugo e Antón Docampo.

Por OURENSE: Vicente Risco, Alfonso V. Monxardín, Eleuterio S. Salgado, Anxel Martínez e Forneiro.

Por CARBALLIÑO: Antón Lousada.

Por VIGO: Valentín Paz Andrade e Federico Zamora.

Por MONDARIZ: Enrique Peinador.

Por VIVEIRO: Ramón Villar Ponte.

Por BETANZOS: Luis Cortiñas e Xosé Vía Golpe.

Por PONTEVEDRA: Alfonso R. Caste-

lao, Antón Iglesias Vilarelles e Xosé Filgueira Valverde.

Por VILLAGARCIA: Xosé Núñez Búa.

Por SADA: Manuel Lugo Freire.

Por SANTIAGO: Camilo Díaz, Antón Fraguas, Xosé Vázquez e Sebastián González.

Por MUXIA: Francisco M. Balboa.

Por LUGO: César López Otero.

Por RIANXO: Antonio Noguerol.

Por PUENTEDEUME: Amador R. Guerra,

Constitúese a mesa presidencial que compoñen como presidente o irmán Vicente Risco con Salvador Mosteiro e como segredarios Víctor Casas e Xosé Vázquez.

Abrese a asamblea e Risco dá conta dos traballos de organización d'ela, efectuados pol-os irmáns de Ourense.

Dase lectura ás adhesións personales recibidas dos irmáns Manuel Banet Fontenla, Gonzalo López Abente, Ramón Otero Pedrayo, Roberto Blenco Torres, Álvaro de las Casas e outros, ademais de varios telefonemas e cartas nos que os grupos de Bós Aires, Sociedad Pondal de Bós Aires, Altariz Barco de Valdeorras, La Rúa, Ribadeo, La Estrada, Lalín, Madride e Melide confiren a súa representación a algúns dos concurrentes á Asamblea. Adhírense tamén a Asociación de iniciación escolar de Vigo con un telegrama que firma Xaime Isla.

Coméncase a tratar o cuestionario ouxeto da convocatoria e encol de cada ún dos seus puntos interveñen varios irmáns.

Vanse tomando varios acordos dos que imos dar unha referencia esquemática.

Constituir as delegacións en todol-os pobos de Galicia cō nome de Irmandades da Fala Galega filiales da Irmandade da Cruña. Funcionarán autónomamente no que se refire ás custións locais. Os membros de cada delegación cotizarán unha cuota mínima de dúas pesetas mensúas e cada ún d'eles recibirá por elo o boletín A NOSA TERRA órgao das Irmandades. A recaudación mensual

será remitida á Irmandade da Cruña reservándose cada grupo o 25 por 100 das recaudacións para as súas necesidades.

Noméase o Comité executivo que será quen dirixa o agrupamento total das Irmandades e para él noméanse aos irmáns:

Ramón Otero Pedrayo

Antón Iglesias Vilarelle e

Salvador Mosteiro como presidente da Irmandade da Cruña.

D'este xeito fica constituída a organización nacionalista galega das Irmandades cuxo programa sigue sendo o da Asambreia de Lugo, que abarca todol-os problemas galegos de orden cultural, político, social e económico.

A proposta do irmán Antón Villar Ponte acórdase celebrar o próximo Día de Galicia unha diada do idioma galego a semellanza das que se veñen facendo en Cataluña. Encárgase ao Comité executivo da súa organización.

Acórdase adherirse á petición recentemente formulada ao goberno pol-os mestres de Cataluña encol do uso dos idiomas rexionás nas escolas e encárgase ao irmán Risco de facer a exposición que se dirixirá ao goberno.

Dirixir, cando cheguen a Hespaña, uns telefonemas de salutación aos señores Maciá e Gassols.

Enviar unha carta aos nacionalistas de Bós Aires facéndolles presente a satisfacción da Asambreia pol-a gran obra patriótica que andan a facer entre os galegos residentes na República Arxentina.

Que o Comité executivo se dirixa a toda a prensa de Galicia ofrecéndolle colaboración gratuita en galego con ouxeto de fomentar d'este xeito eficaz a propagación da nosa fala.

Despois tómase un acordo de fonda

transcendencia que se resume no seguinte:

«A VI Asambreia das Irmandades ratifica solenemente o seu programa da Asambreia de Lugo,

---

#### VISADO POL-A CENSURA

---

acorda, crear un Partido Autonomista republicano agrario.»

Este partido, naturalmente, actuará na vida pública independentemente das Irmandades.

Para a confección do seu programa n'un manifesto que se publicará axiña noméanse aos irmáns Antón Villar Ponte, Manuel Lugo Freire e César López Otero.

A Asambreia adica unha lembranza aos irmáns Viqueira, Lousada Dieguez, Manuel Antonio, Amado Carballo, Antón Martínez e cantos renderon a súa vida no decurso dos derradeiros anos.

Despois de varios troques de opinións encol de diversos aspectos da vida política de Galicia e comentarios acerca de cousas de actualidade dase por clausurada a Asambreia ás nove da noite.

Nas liñas precedentes fican expostos os acordos tomados que como ollarán os nosos lectores son de suma importancia para Galicia e para a marcha do nacionalismo,

A Asambreia desenrolouse n'un ambiente de gran entusiasmo e cordialidade que revelou a compenetración que existe, manifestada en todo momento, entre todol-os irmáns nacionalistas.

Pol-a nosa parte réstanos somentes repetir a nosa satisfacción pol-os froitos positivos que da Asambreia vanse a derivar e rogar a todos a inmediata realización dos acordos tomados.




---

**Este número foi revisado pol-a Censura**

---

## CIMENTOS DA TERRA

## UN PLAN DE INSEÑANZA

Loubanzas señan dadas a El Señor que deu licencia pra que puxeran persoas de concenza responsable, ó frente do Ministerio da Instrucción Púbrica da Hespaña. Son probados estudiosos da falanxe que tivo dende fora o azo de reintegraren Hespaña á Europa. E non europeistas a cegas, sinon tamén finos esculcadores do formidabre vivir espiritual, das variacións e da sustanza das variedades patrias ibéricas. Agora as apertas sinceiras de Barcelona entr'os intelectuais catalás e castelaes, foi como un abrazo de Vergara poñendo fin a unha cega e kabileña guerra de non comprensión. Agora poderemos agardar confiados que o vran madure o plan d'estudios ó que a mocidade nosa ten dereito. Hai no Ministerio homes que estudando o arte hespañola sentiron a fisonomía de cada rexión, filósofos afeitos á proporción en qu'o pensamento puro debe participar da vida real, profesores experimentados. Si a iste engadimos qu'o Ministerio demanda ó Profesorado, ninguén desconfiará da nosa fé e todos xusgaremos o plan de Callejo e o centralismo administrativo da cultura como terátoloxias propias do tempo no que Fernando VII puña, eutroques das cadeiras da filosofía, escolas da arte de lidiar touros de Peñaranda.

No tocante á nosa Galiza agardamos fondas reformas, que deixarán marxe d'abondo pra vida do noso espírito galego. E xa que pensamos no millor, porque non cavilar n'un

plan de Ensiño cuías liñas poideran ser algo do eispresado nos párrafos seguintes.

Pol-o pronto falemos da Escola. Endexamáis se ocupóu tanto o púbrico dos probremas escolares, dos maestros e das clases como no noso temdo. Mais é dooroso pensar qu'o púbrico esquece a virtualidade esencial. Pra calquera que cavile ceibamente sobr'a base de coñecer a psicoloxía e os probremas galegos, será de primeira urxencia a entrada da lingua galega na escola. E a propia dos rapaces, e soilo falándolles n'ela pode o escolante facer locir unha aurora de ideas nos seus alumnos. A eisplicación vivente da xeografía xeneral. tan doada e formosa, fai qu'os nenos chouten com'os paxaros na paisaxe, as ideas sobre a agricultura, as oracións e as leicións de cousas ¿compréndense estas n'outra lingua? E necesario adeprender o castelán. Pr'as relacións c'a vila e pr'a emigración, principalmente. Unha cousa non mata a outra. O remate de contas soilo será aprendizaxe d'unha lingua, pois todol-os nenos saben a sua, e n'ela o traballo do mestre será cultival-a e melloral-a, procurando, entre outras cousas, principiar o desenrolo da sensibilidade pol-o trato c'os poetas e c'as lendas fermosas. Non é preciso sinalar a intensidade que estos estudos poden ter nas escolas das vilas e cibdades.

A chamada segunda enseñanza foi a mais aldraxada pol-as falecatruadas dos amos dictatoriales: nin que fora pensada d'intento pra escorrentar nos estudantes a lediza do estudo. Hoxe eu agardo un bachillerato forte, europeo, como os probados



noutras naciós (non somos partidarios d'un segundo ensino obrigado e gratuito); cada rexión debe pensar nos estudos propios que se engadan ô sistema xeneral; a cadeira de xeografía, hestoria e literatura galega. É triste, é ridículo qu'os bachilleres teñan que facer despóis de rematado o grado a descuberta do corpo e do espírito da sua terra. A xeografía rexional fai tempo estúdase nas escolas normales. A organización das ditas ensinanzas, c'un mínimo de arte e de folklore ha garantir a eficacia do traballo. E tamén urxente que outras disciplinas como a Agricultura reforcen o seu caris rexional, e que c'a lingua castelán s'estude (millor seria aparte) a lingua galega d'un uso un pouco superior. Xa se entende que tratamos d'un programa mínimo, ben posibre dadal-as correntes descentralizadoras que parecen trunfar na Hespaña.

Fican agora outros dos problemas: A Universidade e o ensino técnico do pobo. Cada unha d'importancia poderosa. Mais d'elas falaremos outro día, é decir, lembraremos o que pensan. Somentes mallaremos en dous puntos: a autonomía da Universidade e a urxencia d'un bó xeito de enseñanza agrícola e d'atención pr'o emigrante,

MANUEL GULIN.

---

LEA VOSTEDE

## O PORCO DE PE

Por Vicente Risco

## AS LINGUAS REXIONAIS

Copiamos d'«El Sol» a seguinte e interesante noticia:

BARCELONA 19 (1 m.)—Los maestros nacionales de Barcelona, reunidos en asamblea general, han aprobado las siguientes conclusiones:

1.<sup>a</sup> Que se permita emplear las lenguas regionales en la escuela, mayormente durante los primeros años de la vida escolar, en los que el idioma materno se estima como factor pedagógico indispensable para su educación. La lengua oficial habrá de ser, no obstante, el elemento fundamental de enseñanza.

2.<sup>a</sup> Que en las Escuelas Normales de las regiones que tengan idioma propio se establezcan cátedras del mismo para que los maestros, al mismo tiempo que el idioma oficial, conozcan perfectamente el regional respectivo.

Estos acuerdos han sido tomados por unanimidad en una asamblea en que la mayoría de los reunidos eran maestros nacionales hijos de otras regiones de la Península. (Febus.)

Recomendamos aos mestres galegos a lectura dos precedentes acordos, e quixéramos ollar n'eles a mesma patriótica aitude.

As razóns para defender o criterio sustentado na asamblea de Barcelona son tantos e tan poderosas que non s'ocultan a ninguén que seipa ollar o asunto con nobreza e patriotismo.


Como resulta igualmente razoñable que en cada rexión os mestres nacionais deberan ser naturais do país.

---

## A morte de Lord Stäuler

TEATRO

POR ALVARO CASAS



BETANZOS.—O porto.

## CARTAS DE VIANA

## LUGRÍS FREIRE

C'o título que antecede, lémos no importante xornal do Porto «O Primeiro de Xaneiro» as liñas que siguen:

Estevo nesta cidade, tendo seguido hoje para o Porto, o Sr. D. Manuel LUGRÍS Freire.

Teve, pois, Viana a subida honra de agasalhar dentro dos seus muros hospitaleiros, durante umas horas, uma alta individualidade da visinha Galiza, e que alí ocupa entre os homes de letras, un lugar d'exceptional releve.

Orador eloquente, poeta delicadíssimo, que ainda ha pouco publicou esse feiticairo libro de líricas e hinos de combate intitulado «Ardencias», dramaturgo aplaudido, filólogo e humanista consumado, e, alem diso tudo, cavaqueador e humorista cautivante, como tivemos ocasião de persoalmente verificar, o Sr. LUGRÍS Freire é

um grande amigo do noso País que nunca perde consello de o demostrar, inclusive no seio da Real Academia Galega e do Seminario de Estudos Galegos, onde tem justamente uma situación preponderante.

Conhece o eminente académico a nosa literatura tão profundamente como as persoas mais cultas de Portugal, devéndose-lhe entre outros relevantes estudos, uma soberbia conferencia sobre Camões, proferida em conmemoración do cuarto centenario do nacemento do épico.

Socio do Instituto Histórico do Minho, quiz dar á dirección deste cenáculo literario una penhorante prova do seu apego, e de aí a súa visita a Viana do Castelo.

O noso ilustre hóspede, acompañado de algúns consocios, visitou os principais monumentos de esta terra, tendo ido tamén a Santa Luzia, onde se declarou extasiado com as belezas daquela delicioso mirante.

O ilustre escritor prometeu aquí voltar em data próxima.

## A IRMANDADE DA CRUÑA

O pasado mes elixiu consello directivo, que forman os irmáns seguintes:

Conselleiro 1.º, Salvador Mosteiro  
 Id. 2.º, Francisco Abelaira  
 Segretario, Xavier Pardo  
 Vice, Federico R. Chas  
 Contador, Benito Rodríguez  
 Tesoureiro, Carlos Monasterio  
 Vocal 1.º, Alfredo Somoza; Id. 2.º, Manuel Lugrís Freire; Id. 3.º,  
 Antón Villar Ponte; Id. 4.º, Anxel Casal; Id. 5.º, Víctor Casas.  
 Administrador d'«A Nosa Terra», Benito Ferreiro.  
 Director, o primeiro Conselleiro da Irmandade.

A correspondencia relacionada c'a Irmandade e «A Nosa Terra» debe ser dirixida ao irmán que figura no respectivo carrego, a Real, 36-1.º.

### Irmandade Galeguista Valdeorresa

Con este título constituíuse en Valdeorras unha agrupación de senso nazonalista, á que pertencen prestixiosos individuos que representan todas as clases sociais d'aquela vila e seus contornos. Con grande satisfacción, insertamos a continuación a lista da súa xunta directiva.

Presidente, Xaime Prada.  
 Vice, Paulo Quiroga.  
 Segretario, Anxel Regueiro.  
 Tesoureiro, Anxel Feliz  
 Bibliotecario, Manoel Valcarce  
 Contador, Matías Núñez.

#### *Delegados vocales de*

Villamartín, Xaime Prada.  
 Córrego, Florencio Delgado.  
 Petín, Xosé Estévez.  
 Outeiro, Manoel Valcarce.  
 Vilela, Antón González.  
 Fontey, Antón Casanova.

O mais típico da nosa terra  
 refrexado artisticamente por  
 Xaime Prado,

## Grabados en Linoleum

### Conto de Guerra

Arte e literatura. por Camilo Díaz

DEBE CONOCER

### Elementos de Metodología de la Historia

POR VICENTE RISCO

#### Arquivos II do Seminario d'Estudos Galegos

300 páxinas      100 fotograbados      3 pesetas

Suscríbese a A NOSA TERRA

IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS



# BANCO PASTOR

Casa central: A Cruña, fundada en 1876

**Capital suscrito, 17.000.000**

**Capital desembolsado, 8.500.000**

CARBALLIÑO - CARBALLO - O FERROL - A ESRADA - LUGO - MELIDE - MONDOÑEDO  
MONFORTE-MUXÍA-NOIA-OURENSE-ORTIGUEIRA-PADRÓN-PÓBOA DO CARAMIÑAL  
PONTEDELIME-RIVADABIA-RIBADEO-SARRIA-TUY-VIGO-VILLALBA E VIVEIRO

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA      PAPELERÍA  
IMPRESA

Cantón Grande, 21 - Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

*Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.*

SANTA LUCÍA, 26 E 28

A CRUÑA

## A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega,

### HONRA DA NOSA REXION

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica. Avenida da Granxa - A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA - Real, 110-Ferrol - Principe, 9-VIGO

AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas las  
Farmacias, Droguerías,  
Hotels,  
Depósitos de aguas  
minerales,  
Restaurants e  
en todas las casas de  
toda la Península.

Así como se indica en casos de artritis,  
desnutrición, diabetes, obesidades diversas,  
enfermedades del aparato digestivo, anemia e  
neurastenia.

Riquísima agua de mesa gaseada naturalmente.

*Mondariz-Balneario*

a 35 kilómetros de Vigo.